



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Arca Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Cidrás Pidre, José  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Matco, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sánchez, Jesús  
Membiola Iglesia, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

### DECANOS/DIRECTORES:

Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Iglesias Antelo, Beatriz  
Mcjuto Fernández, Juan Carlos  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Pena Rodríguez, Alberto  
Percira Domínguez, Alejandro  
Pérez Losada, Fermín E.  
Suárez Pazos, Mercedes

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Domínguez Martín, Jorge  
González Vázquez, Encarnación  
Legido Soto, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B:

Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel

### ESTUDANTES:

Alvarez Pereira, Carmen Susana  
Fariñas Valiña, Iago  
Rios Curras, Moisés  
Rodil Fernández, Olalla  
Varela Martínez, Iago

### PAS:

Bernal Gómez, Rosa  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico  
López Atrio, María Laura

### DESCULPAN ASISTENCIA

Martínez Insua, Ana Elina  
Pousada Carballo, José María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 25 de novembro de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O martes, día 25 de novembro de 2008, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, das Liñas xerais e procedemento para a realización de teses de doutoramento en réxime de cotutela.
4. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
5. Creación, se procede, de cargos académicos vinculados a institucións: responsable da oficina de software libre.
6. Aprobación, se procede, do plan de desgravacións docentes no POD do curso 2009/10.
7. Aprobación, se procede, da proposta de acordo da COAP para a revisión do apartado e) do artigo 2 do Procedemento de avaliación de solicitudes de quinquenios.
8. Aprobación, se procede, da facultade ao reitor para que en nome do Consello de Goberno eleve ao Consello Social a proposta sobre a asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión correspondentes ás convocatorias da Xunta de Galicia.
9. Aprobación, se procede, do acordo sobre asimilación de postos de xestión universitaria a cargos académicos.
10. Autorización, se procede, de matrícula extraordinaria de máis de 135 créditos no curso 2008/09.

11. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José R. Rúa Rodríguez.
12. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José R. Rúa Rodríguez.
13. Validación, se procede, das memorias de grao e mestrado oficial de carácter investigador aprobadas polas Xuntas de Titulación e de Centro fóra de prazo.
14. Aprobación, se procede, da supresión dos prazos que teñen o Consello Social, a COAP, a Comisión de Posgrao e o Consello de Goberno para a emisión do informe e aprobación das memorias de grao e mestrado.
15. Aprobación, se procede, dos plans de estudo dos seguintes graos: enxeñaría informática, xeografía e historia, dereito, publicidade e relacións públicas, xestión pública, comunicación audiovisual, fisioterapia, bioloxía, ciencias do mar, química e relacións laborais e recursos humanos.
16. Aprobación, se procede, dos mestrados oficiais de carácter profesionalizante para o curso 2009/10.
17. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Centro Tecnolóxico Téxtil.
18. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Centro de Innovación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal e os Colectivos Dependentes.
19. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Vigo Convention Bureau.
20. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia.
21. Aprobación, se procede, da autorización a Anfaco para que instale canos no subsolo dos terreos da Universidade de Vigo.
22. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización conxunta do “I congreso multidisciplinar sobre interferencias parentais trala ruptura de parella” – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galicia: “as vítimas, os nomes, as voces e os lugares” (3ª fase).
23. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.
24. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social e 1 PAS).
25. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2008.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Informa o reitor aos membros do Consello de Goberno dos seguintes asuntos:

1. Celebrouse Consejo de Universidades a finais do mes pasado, cunha orde do día na que tratáronse algúns asuntos aos que fixo referencia o Secretario de Estado de Universidades na súa visita a esta Universidade o pasado venres. Fai un repaso breve dos temas máis relevantes :

a) As “fichas” de enxeñaría quedarán listas neste mesmo mes de novembro e serán sometidas a aprobación, polo tanto, na sesión do Consejo de Universidades correspondente ao mes de decembro. Isto significa que se poderá iniciar a adaptación dos plans de estudo que faltan nesta universidade dentro dun calendario razoable en 2009, para que poidan ser postos en marcha en setembro de 2010, como estaba inicialmente previsto.

b) Iníciase a posta en marcha da denominada “Estrategia Universidad 2015”, que inclúe diversos proxectos e liñas de reforma (programa de fortalecemento institucional para a investigación, creación da Fundación “UNIVERSIDAD.es” para a promoción exterior do sistema universitario español, campus de excelencia internacional, novo plan de financiamento para o sistema universitario, etc.), ademais de cambios normativos importantes (o novo “estatuto do PDI”, o novo “estatuto do estudante” e o anteproxecto da nova lei da ciencia, entre outros). O equipo da Secretaría de Estado de Universidades ofreceuse a buscar datas para ter xuntanzas nas que debater estes temas e animou á participación de toda a comunidade universitaria nestes proxectos a través do espazo interactivo que a tal efecto ten aberto na súa páxina web.

c) O Director Xeral de Universidades advertiu sobre dúas cuestións pendentes en relación co mestrado para profesores do ensino secundario:

- En primeiro lugar, está informado xa o R.D. de especialidades, pero non está aínda publicado.
- En segundo lugar, é preciso definir acordos para prácticas coas respectivas CC.AA.

Por isto, en tanto estes asuntos poidan ser resoltos, recoméndase non enviar polo momento as propostas.

d) Por último, anunciouse tamén a nova convocatoria do programa de préstamos para financiar a realización de mestrados públicos. As principais características deste programa son:

- Responsabilidade: persoal, sen aval familiar.
- Cobertura territorial: para cursar mestrados en España, pero tamén non países membros de UE, así como en EE.UU. e Canadá.
- Contía máxima: 34.800 €
- Duración do préstamo: 20 anos.
- Período de carencia: 5 anos.
- Amortización: lineal, en 15 anos (a uns 70 € / mes).

Se proporcionará este programa cando se poida entre os potenciais estudantes de mestrados, porque se considera de gran interese.

2. Financiamento. Informa tamén do sucedido nos últimos meses con relación ao plan de financiamento do SUG.

Recorda o reitor que existía un compromiso por parte da Consellería de Educación e da propia Presidencia da Xunta, reiterado en diversas oportunidades, de definir un novo plan de financiamento para o SUG, co obxectivo preferente de resolver algunhas carencias do plan vixente, sobre todo no relativo á adaptación ao EEES e aos temas de I+D. A meta final era acadar unha ratio de financiamento universitario por riba do 1% do PIB rexional.

A tal efecto, creouse unha comisión integrada por representantes das tres universidades e das Consellerías de Educación e de Economía da Xunta de Galicia, que comezou a traballar con este horizonte a principios de 2008. En xuño de 2008, sen embargo, os avances realizados foron superados polas primeiras noticias da crise económica. E este efecto de parálise non fixo senón incrementarse á volta do verán.

Os datos económicos estaban sendo demoledores. A desaceleración económica estaba reducindo o valor bruto dos ingresos tributarios da administración do estado, sobre todo pola redución do IVA asociado a compravendas xerais e do IVA e o ITPAXD ingresado polas transaccións inmobiliarias. Cunha caída nos ingresos tributarios da Comunidade Autónoma superior ao 2%, as subvencións non condicionadas ao SUG poderían chegar a reducirse por riba dos 10 millóns de euros en 2009, en comparación coas cifras brutas asignadas en 2008.

A resposta do goberno autónomo foi dobre: primeiro, engadir ao SUG unha cifra de 11 millóns de € que evitase a redución de fondos fixos prevista; e segundo, parar a negociación dun novo sistema hasta o primeiro semestre de 2009, na certeza de que os focos que necesitarán apoio financeiro durante estes meses serán moitos e non permitirán esforzos adicionais noutras áreas hasta que se supere ese ecuador, é dicir, ata o orzamento de 2010.

Esta é a situación actual, como se comprobará cando se presente en decembro o orzamento para o seu debate en Consello de Goberno.

De todas as maneiras, hai outro feito salientable que debe ser coñecido. O Consello Universitario de Galicia fixo unha avaliación da situación do financiamento no SUG, e, a proposta dos Consellos Sociais, aprobou por unanimidade un pronunciamento instando ao goberno autónomo a non demorar máis a aprobación dun novo plan de financiamento do SUG que dote de estabilidade e seguridade á planificación do SUG. Fálase dun novo plan para o período 2010-2015. A demora ten a súa importancia, pero, máis alá dos dous anos duros que suporía, o que verdadeiramente importa é ter a certeza de que para ese sexenio haberá un escenario financeiro seguro e ambicioso para o SUG. Esta sería unha boísima noticia para todos.

3. Renuncia do vicerreitor de Investigación. Deste asunto informouse a través do DUVI, nova que logo foi recollida nos medios de comunicación. O vicerreitor de Investigación, D. Manuel Reigosa Roger, solicitou a semana pasada o seu relevo no equipo

por razóns de carácter persoal. Con estima polo gran traballo realizado e respecto pola súa decisión, procedín a organizar o seu relevo durante os últimos días.

Polo pronto, o seu equipo, integrado polo director de I+D, D. Angel Rodríguez de Lera, o director do CACTI, D. Luís Liz Marzán, e o director do ECIMAT, D. Ricardo Beiras García-Sabell, seguen nos seus postos, o que garante a capacidade funcional da vicerreitoría de Investigación e unha transición fácil e cómoda para quen veña a ocupar o cargo. Así mesmo, no día de hoxe asignouse, por suplencia e de xeito provisional, as funcións atribuídas e a capacidade de sinatura da vicerreitoría de Investigación á vicerreitora de Economía, Dña. María Montero Muñoz. Trátase de que o relevo non se demore demasiado, pero en todo caso, o primeiro obxectivo é asegurar unha solución coa potencia e coherencia desexable. Serán puntualmente informados.

4. Por último, informouse do nomeamento de D. Camilo José Carrillo González, profesor titular de Enxeñaría Eléctrica, como subdirector do Centro Tecnolóxico ENERGYLAB, con efectos desde o 9 de outubro de 2008.

En relación á folga de limpeza a xerente informa da situación que se está soportando na universidade e da presentación aos órganos competentes da necesidade de establecer servizos mínimos para permitir que se poidan desenvolver axeitadamente as funcións da universidade: docencia e investigación. Recorda que ao ser unha folga sectorial, a universidade non ten competencias para fixar servizos mínimos senón que é Xunta de Galicia, quen se comprometeu a buscar unha solución o máis rápida posible. Informa tamén que se puxo un reforzo de seguridade para evitar problemas cos manifestastes.

Intervén o Prof. Legido quen expón varias cuestións relativas ao informe do reitor: en primeiro lugar, manifesta a súa preocupación pola falta de sinatura do novo plan de financiamento en canto a universidade non pode afrontar por sé mesma toda a reforma das ensinanzas derivada do EEES. Considera que este é un problema serio e que as universidades teñen que presentar isto á administración. Solicita ao reitor que continúe reclamando fronte á Xunta de Galicia posto que a universidade non pode cargar con todo o peso da reforma das ensinanzas. Refírese en segundo lugar á dimisión do vicerreitor de Investigación e pregunta ante quen terán que dirixirse os investigadores cando teñan algunha dúbida sobre temas de investigación. Por último, manifesta a súa preocupación pola situación da limpeza, debido aos problemas que poden xurdir para o funcionamento dos servizos. Considera que se deben tomar decisións en canto se están incumprindo todas as normativas sobre seguridade e pódense producir accidentes.

O reitor resposta que existe unha posición común non só das universidades senón tamén dos Consello Sociais para acadar do goberno autónomo un acordo explícito de goberno sobre o tema do financiamento, aínda que é consciente de que non son bos tempos porque a situación que se está vivindo está prexudicando a moita xente. En contestación á pregunta sobre a vicerreitoría de investigación, manifesta que os directores de área poderán resolver todas as cuestións que xurdan, pero se existen dificultades, serán resoltas pola vicerreitora de Economía ou por el mesmo. Por último, no relativo ao problema derivado da folga das empresas de limpeza, expón que o último que quere é pechar o que suporía un sinal moi negativo que supón que calquera pode pechar a universidade se quere. Tamén reconece que o feito de non pechar produce problemas importantes en canto, pese a que os manifestantes

chegan ao campus acompañados pola forza pública, sen embargo, é doado que varias persoas se desmarquen e acudan a outros centros. Confíase en que os servizos mínimos resolvan a situación e se non é así, haberá que tomar decisións.

O Prof. Legido intervén novamente para sinalar que se teñen producido danos e que se ten que minimizar o problema, por exemplo, evitando que se entre en despachos ou laboratorios.

O reitor resposta que xa se reforzaron os centros, pero si aos decanos ou directores se lles ocorre algunha outra medida, daráselle o apoio que sexa necesario.

O Prof. Ortiz expón que tamén se teñen producido roubos de material nas aulas.

O reitor sinala que se pediu aos decanos e directores que se teñen algún coñecemento dese tipo de incidencias, o comuniquen á xerencia.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, das Liñas xerais e procedemento para a realización de teses de doutoramento en réxime de cotutela.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o contido concreto da normativa que consta no **anexo I**, sinalando que o obxectivo da mesma é regularizar unha práctica que, xa fai tempo, se ten levando a cabo na universidade. Ten informe favorable da Comisión de Investigación, da COAP e da Comisión de Estudos de Posgrao.

O Prof. Legido pregunta se é necesario que todas as teses que se codirixan con un profesor alleo á universidade teñan que ser tramitadas de acordo co que se recolle nesta normativa.

A vicerreitora contesta que non é obrigatorio pero si recomendable no sentido de que se se fai ao marxe do previsto na normativa tratarase dunha relación privada entre profesores pero sen respaldo da institución.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización e Profesorado quen sinala que por parte da COAP, reunida o pasado 14/11/08, dáse o informe favorable das solicitudes de prazas de Profesor Titular de Universidade por promoción de Profesores Contratados Doutores coa acreditación necesaria, dáse tamén o informe favorable das solicitudes de prazas de catedrático de universidade por promoción de profesores titulares de universidade coa acreditación necesaria e con tres tramos de investigación, en cumprimento do acordo do Claustro concretado no documento de política de I+D. As solicitudes son: Tres prazas de Profesor Titular de Universidade na área de Linguaxes e Sistemas Informáticos (570)

(Departamento T15 Informática). Acadaron acreditación: Dna. María José Lado Touriño, D. Arturo José Méndez Penín e D. Florentino Fernández Riverola, unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Estatística e Investigación Operativa (265) (Departamento C05 Estatística e Investigación Operativa), acadou acreditación D. José María Matías Fernández. Dúas prazas de catedrático de universidade na área de Química Física (755) (Departamento C11 Química Física). Cumpren os requisitos: D. Ricardo Antonio Mosquera Castro e D. Carlos Bravo Díaz.

Para outras solicitudes de prazas nas que profesores titulares de universidade acadaran acreditación a catedrático, pero que non contaran con tres sexenios, a COAP apraza o seu informe ata que sexa establecido un criterio polo Consello de Goberno. A este respecto informa, da mesma maneira que se fixo na COAP, que a vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado prevé ter a primeiros do ano 2009 un documento de política de profesorado que presentará a comunidade universitaria que incluírá unha proposta concreta de criterio para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Creación, se procede, de cargos académicos vinculados a institucións: responsable da oficina de software libre.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade quen sinala que se trata de crear unha oficina ao amparo dun convenio que se ten asinado entre as tres universidades e a Dirección Xeral de Innovación. Esta oficina cumprirá a función de contestar todas as dúbidas sobre software libre e estará situada no campus de Ourense.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, do plan de desgravacións docentes no POD do curso 2009/10.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trae a Consello de Goberno o plan de desgravacións docentes para o POD 2009-10. Trátase de dar continuidade ao plan xa iniciado no curso 2007-08 e reforzado no curso 2008-09, polo que se mencionan unicamente as novidades.

a) Desgravacións por actividades docentes

O máximo por este concepto será a metade da dedicación docente do profesor en lugar de 12 créditos. Isto non supón variación para a maioría do profesorado, pero se considera que é un axuste necesario para profesorado a tempo parcial e axudantes.

No apartado de apoio aos programas oficiais de posgrao considérase 4,5 créditos pola coordinación de cada titulación de mestrado (aínda que houbera máis dun nun mesmo POP), e 1.5 créditos ao equipo directivo polo conxunto do POP.

No apoio á adaptación ao Espazo Europeo de Educación superior, substitúese a desgravación que viña outorgándose ás experiencias piloto por outra en función dos títulos de grao que se implantan. Hai unha errata no texto, onde di “novos planos de Estudo ao EEES” debe dicir “novos planos de estudo adaptados ao EEES”.

No apartado de actividades de intercambio de estudantes engádense outros programas de intercambio recoñecidos pola ORI.

#### b) Desgravacións por investigación

Na mesma liña que no caso das desgravacións docentes, o máximo por este concepto será a metade da dedicación docente do profesor en lugar de 12 créditos.

Equipárase ao programa Manuel Colmeiro co programa I3 a efectos de desgravación.

No tocante á dirección de teses de doutoramento, recoñécese a desgravación para teses dirixidas nun convenio de cotutela, o que implicaría que neste caso a desgravación da tese sería a mesma se a tese fora presentada na nosa universidade ou na outra sinalada no convenio.

Tamén se recoñece dobremente a dirección de teses de TEUs non doutores polo importante beneficio que supón para a institución que un profesor non doutor con vinculación permanente acade o doutoramento. Pénsase completar esta medida con algunha outra no ámbito das axudas á investigación que facilite o traballo predoutoral destes profesores.

#### c) Desgravacións por actividades directivas

Engádense ao cargo de responsable da oficina de software libre presentado no punto 5 da orde do día, no mesmo xeito que para o programa IMAN, tamén sustentado nun convenio coa Xunta de Galicia.

Recoñécese a actividade dos membros das comisións de acreditación e verificación da ANECA do mesmo xeito que aos xestores de programa.

Tras dous anos de andadura das bolsas de desgravación para os equipos directivos dos centros, considérase que xa non é necesaria a potestade dos decanos para transferir os seus 12 créditos. Isto que causa certos inconvenientes sobre o POD en curso cando se producen relevos de decanatos, xa que a norma implica que os créditos cedidos polo decano saínte non poden ser recoñecidos ao entrante. Refórzase tamén deste xeito o recoñecemento a importante carga de traballo do decano, que de todas maneiras conta coa bolsa de créditos por actividades para facer a súa política de centro no que respecta a apoio ao seu equipo.

Intervén o Prof. Berrocal quen expón unha reivindicación histórica relativa á desgravación dos coordinadores dos programas de doutoramento e este ano con mais énfase tendo en contra o procedemento que se ten seguido para a transformación do doutoramento e as peticións de mención de calidade. Recorda a todos os membros de Consello de Goberno o contrato programa aprobado no Claustro dentro do documento I+D para os programas de doutoramento. De acordo co mesmo, solicita que os coordinadores do programa poidan optar



entre a desgravación que se recolle no documento presentado hoxe ou a prevista no contrato programa do documento de I+D.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado recorda que o recoñecemento da desgravación por programa de doutoramento é a posteriori, e que este é o último ano no que se procede a facer esta desgravación porque a partir do ano que ven xa se aplicará o contrato-programa.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea fai unha aclaración relativa a terminoloxía: actualmente cando se fala de programa de doutoramento, estase a falar unicamente do bienio: un ano de docencia e un ano de traballos tutelados. Neste caso, existen as desgravación previstas. O ano que ven coa posta en marcha dos mestrados de carácter investigador iniciaremos a implantación dos novos programas de doutoramento que inclúiran adicionalmente un período de investigación. E aquí é onde aplica o contrato programa descrito no documento de I+D.

O Prof. Berrocal entende que a idea era outra e estaba vinculada aos programas con mención de calidade.

Debátese entre o Prof. Berrocal e a vicerreitora sobre a aplicación do documento I+D do Claustro.

Intervén o Prof. Muñoz para sinalar que fai dous anos cando se debateu o tema das desgravacións tñíase claro que era necesario aumentar as que tñían os centros porque eran moi limitadas, por iso se procedeu ao seu aumento, establecendo que o decano podía distribuír parte da súa desgravación ao equipo, entre eles o secretario, posto que este reducía a súa desgravación. Agora se consolida esa diminución. Refírese tamén a redución da desgravación no caso do plan piloto do EEES. Considera que o equipo de goberno ten que cambiar a estrutura tendo en conta a nova situación das ensinanzas e o plan de calidade que ten que ser coordinado polo centro.

O vicerreitor reposta que a razón de que as desgravacións dos decanos sexan fixas se debe aos problemas que xera para a xestión do POD o cambio de decano a metade do curso e recorda que hai unha bolsa de créditos para o centro que o decano reparte. No que respecta á adaptación ao EEES, a desgravación que viña outorgándose ás experiencias piloto substitúese por outra en función dos títulos de grao que se implantan cunha duración de tres anos.

O reitor, pregunta aos membros do Consello de Goberno se parece axeitada a proposta do Prof. Muñoz, relativa a flexibilizar a desgravación do decano, ao que se asinte.

O Prof. Pérez Losada pregunta se é posible aplicar esa flexibilidade tamén aos equipos directivos dos departamentos.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado reposta que a flexibilidade se estableceu debido á gran carga de traballo dos centros motivada pola adaptación ao EEES, pero flexibilizar outros cargos suporía unha enorme complicación da xestión.

Ábrese un debate sobre o tema no que interveñen a Prof.<sup>a</sup> Blanco, os profesores Berrocal e Legido e o reitor, concluíndose que a flexibilidade debe referirse unicamente aos decanos.

Procédese á votación do plan de desgravacións docentes:

- Votos a favor: 27
- Votos en contra: 4
- Abstencións: 5.

Apróbase por maioría o documento que consta no **anexo II**.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da proposta de acordo da COAP para a revisión do apartado e) do artigo 2 do Procedemento de avaliación de solicitudes de quinquenios.

Ten sido invitado como interesado o Presidente da Xunta de PDI.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, ante a inminencia da próxima convocatoria de quinquenios, que non debe demorarse máis alá deste mes, a vicerreitoría propuxo á COAP un debate sobre este punto e unha proposta concreta dun criterio baseado na actual normativa de Xunta de Goberno de 24/01/00.

A COAP debateu sobre o tema e entende que ten o suficiente calado para ser elevado dito debate ao Consello de Goberno, que por outra banda sería o único órgano competente para modificar o acordo da Xunta de Goberno do ano 2000. En todo caso a COAP deu informe favorable ao criterio proposto pola vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, como criterio aplicable, compatible coa norma actual, para o caso que o Consello de Goberno acordara referendar dita decisión.

Procede seguidamente o vicerreitor a describir o criterio.

O acordo da Xunta de Goberno do 24/01/00 establece un sistema de avaliación dos quinquenios docentes en función dos datos das enquisas docentes e dos informes de departamento e centro acerca da actividade docente do profesorado.

O propio acordo, no seu apartado e) establece que aqueles casos en que a concesión do quinquenio non sexa automática, a comisión delegada (neste caso a COAP) resolva atendendo as circunstancias excepcionais que puideran concorrer.

Considerando que os aspectos que implican unha concesión automática dos quinquenios son os indicadores I1 (informe do centro), I2 (informe do departamento) e I7 (resultado das enquisas) establecidos no procedemento de valoración de actividade docente (VAD) do profesorado da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno de 02/03/05, a proposta da COAP consiste en considerar tamén outros indicadores para avaliar a actividade do profesorado que non tivera o recoñecemento automático (apartado e).

Este criterio podería servir para xerar experiencia suficiente no proceso de avaliación de xeito que no futuro poida estudarse unha normativa de concesión de quinquenios diferente

baseada nos indicadores do procedemento VAD dun xeito máis amplo que o actual. Pero sen poñer en risco a expectativa de concesión automática para aqueles profesores que cumpran os criterios establecidos na norma actual xa con case 9 anos de antigüidade.

O criterio consiste nunha reconsideración da cualificación de corte da enquisa para aqueles casos que :

- ✓ Conten cos informes favorables do centro e departamento.
- ✓ Non ter incorrido en demora da entrega de actas no período solicitado.
- ✓ Teñan algunha valoración dos bloques C (Innovación e Producción docente) e D (carga docente) que define o procedemento VAD. A reconsideración da cualificación de corte consiste en rebaixar a mesma **0,2 puntos** como máximo por cada un destes bloques. Tendo en conta que a máxima puntuación do bloque C é 3 puntos e a do bloque D é 2 puntos, a cualificación ou nota de corte da enquisa quedaría definida como:

$$N_{\text{ corte}} = 2,8 - \frac{C}{15} - \frac{D}{10}$$

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Vázquez, como presidente da Xunta de PDI da Universidade de Vigo, quen antes de proceder á lectura dun comunicado que consta como **anexo III**, fai dúas consideracións: que o comunicado foi aprobado por unanimidade pola Xunta de PDI e foi tamén apoiado polos dous comités de empresa; e expón que o procedemento que se seguiu para acadar as sinaturas do escrito foi anunciar por correo electrónico e a través de carteis nos centros, a finais de xuño, que un membro da Xunta de PDI estaría nun centro para a sinatura. O obxectivo era solicitar un punto na orde do día de Consello de Goberno.

Intervén o Prof. Ramos, como membro da COAP, para sinalar que na mesma se falou de que era necesario un debate xeral sobre os quinquenios e manifesta a súa sorpresa de que neste Consello de Goberno non se incluíra un punto nese sentido.

O reitor sinala que el non pode atender ao contido do escrito posto que non se lle pode pedir que incorpore un punto co que non está de acordo, senón que tiña que terse seguido o procedemento establecido no Regulamento de réxime interno de Consello de Goberno para incorporar ese punto por iniciativa dos interesados. Manifesta que se intentou chegar a un acordo para poder vir a este Consello de Goberno cunha postura que aproximara a todos os implicados. Alega que a vinculación das enquisas aos quinquenios non é excepcional, como demostran as normativas existentes nas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña. Considera que o que se pode discutir e como se teñen en conta as enquisas. Neste sentido, debería ser posible un acordo que permita facer a convocatoria de quinquenios e despois poderase seguir traballando neste tema.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado reitera o que xa sinalou o reitor no sentido de que o que se pretende é chegar a un acordo que permita sacar a convocatoria de quinquenios e despois seguirase a negociación.

Intervén o Sr. Vázquez para sinalar que co escrito presentado non pretendían impoñer a ninguén unha postura concreta senón que se abriera un debate sobre o tema.

O reitor considera que o documento non pide abrir debate senón que impón algo que o equipo de goberno non pode cumprir que é a desvinculación dos quinquenios das enquisas. Neste momento, trátase de chegar a un acordo para poder sacar a convocatoria de quinquenios deste ano e despois se seguirá traballando sobre o tema.

O Prof. Berrocal expón que o ano pasado se retirou un punto da orde do día sobre este tema e considera que é responsabilidade do equipo de goberno debater sobre o mesmo. Debe tratarse dun debate aberto, en Xunta de PDI, en COAP e despois en Consello de Goberno e non debe ser forzado pola oposición, cuestión que foi valorada dentro do seu grupo. Expón que a normativa da Universidade de Vigo é a única que deixa en mans dunha enquisa dos alumnos a concesión dun quinquenio. Reitera a necesidade dun debate sobre o tema.

O Sr. Varela intervén para manifestar o seu acordo coa normativa vixente.

O Sr. Fariñas na mesma liña considera que debe manterse a vinculación.

O Prof. Muñoz recorda que nos atopamos nun momento de cambio na universidade e que no EEES ten que haber un sistema de garantía de calidade. Sinala que a solución podería vir do programa DOCENTIA, que é un programa estatal que ten en conta as enquisas dos alumnos. En xeral, considera aceptable a fórmula presentada polo vicerreitor pero eliminando da fórmula o bloque D.

O Sr. Ríos manifesta que sería bo facer un estudo das enquisas para que sexan representativas.

O reitor entende que deben revisarse todos os problemas existentes sen que deban existir reservas neste punto. A cuestión neste momento é decidir se se incorporan as matizacións previstas na normativa, tendo clara a encomenda de negociar o tema coa Xunta de PDI.

O Prof. Vázquez reitera o seu interese en negociar e solicita a retirada do punto da orde do día.

Debátese sobre a posible retirada do punto da orde do día e finalmente decídese o seu mantemento.

Procédese seguidamente á votación da proposta presentada polo vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.

O resultado é o seguinte:

- Votos a favor: 20
- Votos en contra: 3
- Abstencións: 11

O Prof. Ramos explica que non votou a favor debido a que, como xa expuxo, entendía que a este consello se traería un punto de debate xeral sobre os quinquenios.

Apróbase por maioría criterios de aplicación pola COAP do apartado e) do artigo 2 do Procedemento de avaliación de solicitudes de quinquenios, recollidos no **anexo IV**.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, da facultade ao reitor para que en nome do Consello de Goberno eleve ao Consello Social a proposta sobre a asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión correspondentes ás convocatorias da Xunta de Galicia.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón que cada ano a Xunta de Galicia, de acordo co previsto no artigo 69.3 da LOU, fai unha convocatoria de retribucións adicionais para o persoal docente ligada a méritos individuais, docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión. O procedemento que se segue para a súa concesión é que unha vez recoñecidas esas retribucións pola Xunta, o Consello de Goberno debe facer a proposta de asignación individual dos complementos ao Consello Social.

Tendo en conta que o recoñecemento dos méritos por parte da Xunta de Galicia non coincide na mesma data e para evitar que en cada reunión do Consello de Goberno, teñamos que aprobar a proposta de asignación de retribucións, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é que se faculte ao reitor para que eleve ao Consello Social, con carácter indefinido, a proposta de asignación das retribucións adicionais ao persoal docente.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, do acordo sobre asimilación de postos de xestión universitaria a cargos académicos.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o Real Decreto 1312/2007 polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios (artigos 12, 13 e a disposición adicional 1ª e 2ª), dispón que para a acreditación de acceso aos corpos de profesores titulares e catedráticos de universidade, teranse en conta, entre outros méritos, o desempeño de cargos unipersoais de xestión universitaria recollidos nos estatutos das universidades, ou que “teñan sido asimilados a estes”.

Na nosa universidade, o artigo 23.b dos estatutos da Universidade de Vigo recoñece como cargos unipersoais: reitor, vicerreitores, secretario xeral, xerente, decanos e vicedecanos de facultades, directores e subdirectores de centros, departamentos e de institutos universitarios, e secretarios de centros, de departamentos e de instituto.

A maiores o Consello de Goberno, de acordo co artigo 53 dos Estatutos, pode crear órganos unipersoais distintos dos previstos nestes Estatutos.

Por último, tamén existen determinadas funcións que se desempeñan por profesores da nosa universidade, que non se corresponden con ningún cargo académico, pero que, na maioría dos casos, teñen asignada unha desgravación de créditos en POD.

A proposta que se fai a este Consello de Goberno é asimilar eses cargos e funcións aos cargos académicos regulados nos Estatutos para que podan ser certificados pola universidade como cargos asimilados a efectos de ser considerados como méritos de xestión para a acreditación aos corpos docentes. Este sería o único efecto desde acordo.

Intervén o Prof. Berrocal quen sinala que o documento deixa claro que existen sobre 60 cargos académicos na universidade o que vai en contra da profesionalización que debe ser un criterio imperante na mesma.

A secretaria xeral resposta que o que se recolle no listado non son só cargos académicos senón que na súa maioría son actividades ou funcións que se levan a cabo por profesores e se trata de facerlles o recoñecemento necesario para que se lles compute como cargo asimilado a efectos de acreditación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Autorización, se procede, de matrícula extraordinaria de máis de 135 créditos no curso 2008/09.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o artigo 5.1 da Normativa de permanencia da Universidade de Vigo dispón que o número máximo de créditos dos que un alumno se pode matricular nun curso académico é de 135.

Hai que ter en conta que cando se aprobou esta normativa a maioría dos cursos académicos tiñan entre 60 e 70 créditos polo que aos alumnos poden matricularse de dous cursos completos.

No caso que se trae a este Consello de Goberno, a alumna Dna. Marta Martínez Fernández superou a diplomatura de Empresariais en dous cursos académicos (1º nun curso académico, xa que non se permite o primeiro ano matricularse de mais cursos e 2º e 3º noutro curso académico). Agora quere facer o segundo ciclo de Administración e Dirección de Empresas e matricularse conxuntamente de 4º e 5º que suman un total de 154 créditos.

Tendo en conta que a alumna non lle falta interese nin capacidade (nun ano realizou dos cursos con moi boas cualificacións e varios cursos de formación), a proposta que se fai a este Consello de Goberno é que de xeito excepcional se lle permita a matrícula dos créditos necesarios para rematar a licenciatura neste curso académico.

Pregunta o Prof. Ramos polo sentido desa limitación na normativa e por que non se reforma.

A secretaria xeral resposta que non se considerou axeitado proceder á reforma da normativa neste momento posto que é necesario que con carácter previo se proceda a modificar os Estatutos e outras normas xerais da universidade.

O Sr. Fariñas reitera o xa manifestado en relación coa normativa de permanencia en canto á necesidade de eliminar todas aquelas disposicións que inclúan limitacións á matrícula dos alumnos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Resolución do recurso de alzada presentado por D. José R. Rúa Rodríguez.

Ten sido invitado como interesado o Prof. Rúa Rodríguez.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada interposto polo Prof. Rúa Rodríguez contra o acordos aprobados pola Xunta de Facultade de Belas Artes de 8 de xullo de 2008 relativos ao plan de estudos de Belas Artes.

O informe da asesoría xurídica parte de previsión contida no art. 115 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que establece que o prazo para interpoñer o recurso de alzada é dun mes dende a realización do acto que se impugna. Dado que a Xunta de Facultade foi celebrada o 8 de xullo e o recurso se interpuxo o día 2 de outubro, debe ser inadmitido por presentarse fóra de prazo.

A proposta que se fai aos membros do Consello de Goberno é a inadmisión do recurso por atoparse fóra de prazo.

O Prof. Legido roga que na orde do día se indique en cada punto o asunto concreto ao que se refire para evitar despois que existan dúbidas.

A secretaria xeral resposta que se terá en conta nas seguintes convocatorias.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Resolución do recurso de alzada presentado por D. José R. Rúa Rodríguez.

Ten sido invitado como interesado o Prof. Rúa Rodríguez.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada interposto polo Prof. Rúa Rodríguez contra o acordo adoptado pola Xunta de Facultade de Belas Artes de 10 de setembro de 2008, polo que se aproba a normativa das guías docentes. Considera o recorrente que a Xunta de Facultade non é competente para aprobar a normativa das guías docentes.

En relación a este recurso, pediuse un informe á vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea que foi asumido na súa integridade pola asesoría xurídica.

Pártense nestes informes de dúas consideracións: dun lado, do dereito que teñen os alumnos de coñecer ao inicio do curso académico de toda a información necesaria para planificar o proceso de aprendizaxe (guías docentes); doutro lado, da existencia da guía de adaptación das ensinanzas ao EEES da Universidade de Vigo, elaborada pola vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea, como orientación aos centros e docentes no proceso de converxencia ao EEES, entre os que se atopa a Facultade de Belas Artes. Nesta guía establécese que os órganos de dirección dos centros deberán organizar o proceso de deseño das guías de titulacións.

O vicio que alega o recurrente é a falta de competencia da Xunta de Facultade para aprobar a Normativa de guías docentes e debe terse en conta que dita aprobación ven motivada pola necesidade de adaptación ao EEES e enmárcase dentro das competencias de carácter organizativo atribuídas aos órganos de dirección dos centros.

Por todo o anterior, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a desestimación do recurso presentado.

Intervén o Prof. Mejuto para sinalar que os propios Estatutos establecen as competencias dos centros e que non se existen dúbidas ao respecto.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Validación, se procede, das memorias de grao e mestrado oficial de carácter investigador aprobadas polas Xuntas de Titulación e de Centro fóra de prazo.

O Consello de Goberno aprobou un calendario para a aprobación polas Xuntas de Titulación e de Centro das memorias de grao (30 de setembro) e mestrado de carácter investigador (31 de outubro).

Pese a previsión destes prazos, houbo centros que, por razóns de imposibilidade material, aprobaron as súas memorias algún día despois do remate dos mesmos.

No que se refire aos graos, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación aprobou os tres graos que se imparten na mesma o día 1 de outubro: grao en publicidade, grao en dirección e xestión pública e grao en comunicación audiovisual; o mesmo ocorreu coa Escola Superior de Enxeñaría Informática que aprobou o grao en enxeñaría informática ese mesmo día 1 de outubro.

En canto aos mestrados de carácter investigador, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo aprobou os dous mestrados o 5 de novembro: ordenación xurídica do mercado e menores en situación de desprotección e conflito social; e a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación aprobou o seu mestrado de investigación en comunicación o 3 de novembro.

Tendo en conta que este defecto non repercute nos actos posteriores do procedemento de aprobación das memorias de grao e mestrado e a grave repercusión que traería consigo o rexeitamento e devolución de ditas memorias aos centros, en canto non poderían comezar a



impartirse no próximo curso académico, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é que, aplicando o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se validen as memorias presentadas fora de prazo e polo tanto se continúe coa súa tramitación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da supresión dos prazos que teñen o Consello Social, a COAP, a Comisión de Posgrao e o Consello de Goberno para a emisión do informe e aprobación das memorias de grao e mestrado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o Consello de Goberno aprobou os prazos para a emisión de informe e de ser o caso para a aprobación por parte da COAP, Comisión de Posgrao, Consello Social e Consello de Goberno das memorias das titulacións de grao e mestrado.

Debe terse en conta que a aprobación das memorias é un acto complexo que require unha tramitación en distintos órganos e momentos diferentes que van encadeados, de xeito que o retraso nun deles afectará ao cumprimento dos prazos aprobados polo Consello de Goberno.

De acordo con isto e tendo en conta o gran esforzo que se está facendo por todos os órganos implicados na tramitación das memorias, propónse a supresión dos prazos aprobados polo Consello de Goberno para a emisión de informe ou aprobación das memorias de grao e mestrado por parte da COAP, a Comisión de Estudos de Posgrao, o Consello Social e o Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, dos plans de estudo dos seguintes graos: enxeñaría informática, xeografía e historia, dereito, publicidade e relacións públicas, dirección e xestión pública, comunicación audiovisual, fisioterapia, bioloxía, ciencias do mar, química e relacións laborais e recursos humanos.

Teñen sido invitados como interesados: o Prof. Barreiro, director da Escola de Enxeñaría Informática, a Profª. Carballo-Calero, decana da Facultade de Historia, a Profª. Iglesias Canle, decana da Facultade de Dereito, o Prof. Lorenzo, decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o Prof. Gutiérrez, director da Escola de Fisioterapia, o Prof. Gallego, decano da Facultade de Bioloxía e o Prof. Souza, decano da Facultade de Ciencias do Mar.

Intervén primeiramente a secretaria xeral para sinalar que se ten presentado un escrito esta mesma mañá polos profesores da Escola Superior de Enxeñaría Informática, Sres. Darriba Bilbao, Ribadas Pena, Vilares Ferro e Magán Muñoz, que se entregou aos membros do Consello de Goberno no inicio da sesión (achégase como **anexo V**). Nese escrito alegan que teñen presentado un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-

Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no que solicitan a anulación da constitución e actuacións do órgano que elaborou a proposta de grao en enxeñaría informática. Por isto, solicitan que se retire da orde do día deste Consello de Goberno, o plan de estudos do grao en enxeñaría informática.

Ante esta situación a secretaria xeral expón que os actos administrativos son executivos de xeito inmediato e polo tanto, a súa impugnación non suspende a súa execución salvo que se acorde polo xulgado a súa suspensión cautelar. Non consta neste momento ningunha resolución xudicial pola que se acorde a suspensión cautelar do acto impugnado xudicialmente, polo que se continuará coa tramitación ordinaria do grao en enxeñaría informática.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen fai unha presentación cuxo resumo recóllese no **anexo VI**.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado intervén para sinalar que a COAP na súa reunión do 14/11/08 estudou a viabilidade dos títulos de grao tomando os seguintes acordos:

a) Informar favorablemente á viabilidade dos títulos de grao expresados na orde do día deste Consello de Goberno.

Nalgúns casos trasládanse algunhas recomendacións ás Xuntas de Titulación responsables, referidas principalmente á presencialidade excesiva en Traballo fin de grao ou a retirar requisitos previos para cursar a dita materia.

b) Dáse traslado ao Consello de Goberno das reservas ou matizacións efectuadas pola vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea.

c) Nas propostas enviadas á ANECA non deben figurar compromisos concretos de grupos docentes ou implantación en bloque de máis dun curso. Estas cuestións afectan ao encargo docente que a universidade establecerá no momento da implantación conforme aos seus recursos e normativas. A este respecto, a COAP dá traslado aos centros dos estudos completos de viabilidade realizados pola vicerreitoría, que nalgúns casos poden implicar a reconsideración dos grupos docentes propostos. Sínalase tamén que calquera proposta de implantación en bloque de máis dun curso debe presentar, da mesma maneira que se fixera con Belas Artes no curso anterior, un plan plurianual e viable de redución do encargo docente na titulación a extinguir baseado en:

- ✓ Vinculacións coas materias do grao dos cursos da licenciatura non extinguidos, que se imparten en grao.
- ✓ Cambios de cuatrimestre necesarios en materias a extinguir.
- ✓ Redución de optatividade e libre elección.
- ✓ Indicación de horas docentes non vinculables.

Este plan deberá ser valorado pola COAP xunto co encargo.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Mejuto para por de manifesto que no grao de bioloxía o perfil profesional é moi amplo e no se corresponde coas materias impartidas ao longo do grao.

Intervén a Prof<sup>a</sup>. Lorenzo quen o fai en representación do director de Enxeñaría Informática de quen desculpa a súa ausencia. Seguidamente fai unha aclaración sobre o escrito presentado polos profesores Darriba Bilbao, Ribadas Pena, Vilares Ferro e Magán Muñoz, alegando que no procedemento seguido para a aprobación da memoria de grao, seguíuse en todo momento a normativa da universidade. Engade ademais que a memoria se aprobou cun gran consenso, habendo só 3 votos en contra. Por último, sinala que se presentaron varios escritos similares ao recibido no Consello de Goberno, que se remitiron á asesoría xurídica, sendo a resposta moi similar á dada aquí pola secretaria xeral.

O Prof. Muñoz intervén sinalando que a normativa da universidade é máis estrita ca do Real Decreto. Alega que en Laboratorio Integrado I e II é onde se adquiren as competencias prácticas, no primeiro, de química, física e bioloxía e no segundo, de química, física e xeoloxía; deste xeito se é necesario vincular só a unha materia, terían que facer unha distribución distinta do traballo do alumno. Solicita que se deixe como está.

O decano da Facultade de Bioloxía, o Prof. Gallego, en contestación ás observacións do decano da Facultade de Ciencias, sinala que o obxectivo xeral do título é capacitar para a profesión de biólogo e non se pon en ningures que se trate de especialista. Para cumprir o obxectivo xeral tívose en conta o previsto no Estatuto do Colexio de Biólogos. No que respecta á relación materias-asignaturas, entende que está aclarado na memoria, pero se é necesario repetir a mención, así o fará.

O Prof. Ortiz pregunta ata que nivel se pide a especificidade do perfil.

Intervén en nome do decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación a Prof<sup>a</sup>. Torres, para sinalar que fixeron modificación no apartado 8 porque aplicaron un indicador automático para a determinación das taxas de resultados e agora queren mellorar os mesmos.

O Prof. Gutiérrez, Director da Escola de Fisioterapia, expón que o grao en fisioterapia é un título que habilita para profesión regulada e, de acordo con isto, no mes de xullo, aprobáronse as fichas, que recollen asignaturas médico quirúrxicas. Estas asignaturas incorpóranse ao grao como nas outras universidades.

A Prof<sup>a</sup>. Suárez manifesta que teñen dous graos con profesións reguladas e que en educación infantil a formación básica son 100 créditos e puxeron 106, asignando a cada asignatura unha materia. Manifesta a súa dúbida de volver a estudar o tema.

O Prof. Mejuto, Decano da Facultade de Ciencias, clarexa que, en relación, ao grao de bioloxía, non quixo presentar alegación e que simplemente pon en dúbida un perfil profesional tan amplo que non ten correspondencia coas materias que se van impartir.

O decano de Bioloxía, Prof. Gallego, reitera que o grao é un estudo de carácter básico e para especializarse haberá que acudir ao prosgrao.

A vicerreitora procede a contestar as cuestións presentadas; en relación aos perfís do profesorado, trátase de poñer as áreas de coñecemento do profesorado, quinquenios e sexenios, pero sen nomes e apelidos, para que a ANECA poida comprobar que hai masa crítica suficiente e axeitada para ese grao. Non hai asignación de profesorado a materias. Seguidamente, clarifica todo o relativo a módulos, materias e asignaturas, sinalando que o que se publica no BOE é o punto 5.1 e non se debe alude a asignaturas. No que atinxe aos créditos de formación básica, recorda que no seu momento, considerouse axeitado incluír no nome das asignaturas o nome da materia do Anexo II do RD1393/2007 para favorecer a mobilidade dos estudantes e que de forma rápida se saiba cales son as materias de formación básica, o que se recolle na norma de Consello de Goberno. Sen embargo, pode darse o caso de que os créditos de formación básica veñan regulados por ordes ministeriais de profesións reguladas, e neses casos debe aplicarse o que di a norma superior que regula a profesión. No que se refire ás taxas de resultados, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación a día de hoxe solicita modificar eses resultados. Por último, refírese tamén ao carácter das prácticas externas, salientando a conveniencia de que teñan carácter obrigatorio unicamente no caso de existencia dunha orden ministerial que así o recolla.

A proposta que fai a vicerreitora é aprobar os 11 graos tal como os presentaron os centros, coas puntualización de que para o caso do grao en química, haberá que incluír as materias do Anexo II asociadas ás asignaturas de Laboratorio integrado I e II. A maiores, pide permiso ao Consello de Goberno para corrixir erratas e revisar cos centros as taxas de resultados, e o carácter de obrigatoriedade das prácticas externas.

Apróbanse todas as memorias de grao (**anexo en CD**) presentadas e a autorización á vicerreitora nos termos expostos.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, dos mestrados oficiais de carácter profesionalizante para o curso 2009/10.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o procedemento seguido para a aprobación das memorias polos centros, así como o contido do informe da Comisión de Estudos de Posgrao que se achega como **anexo VII**, explicando ao respecto que as reservas que se conteñen no mesmo foron admitidas polos proponentes dos mestrados que procederon á inclusión da rectificación na memoria.

Apróbase por asentimento todos os mestrados presentados (**anexo en CD**):

- Análise dos procesos de auditoría dos estados financeiros.
- Información técnica do medicamento.
- Libro ilustrado e animación audiovisual.
- Economía, avaliación e xestión do medio mariño e os recursos pesqueiros.
- Innovación industrial e optimización de procesos.
- Finanzas.
- Tecnoloxías para a protección do patrimonio cultural inmovible.

Contaminación industrial: avaliación, prevención e control.  
Enxeñaría de proxectos de deseño, desenvolvemento e fabricación industrial.  
Dirección e xestión da loxística e a cadea de subministración.

**Punto 17.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil.

Intervén o reitor quen sinala que se trata dunha fundación privada de interese galego, sendo o seu obxecto contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e avance da competitividade no ámbito das tecnoloxías da cadea téxtil, confección e moda, mediante o logro da excelencia na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. De xeito prioritario, este obxecto concretarase na construción, dotación de recursos, posta en marcha e xestión do Centro Tecnolóxico Téxtil.

As entidades participantes nesta fundación son a Xunta de Galicia, as Universidades do Sistema Universitario de Galicia e empresas do sector. O patrón designado pola Universidade de Vigo é o Prof. Cidrás Pidre.

Ten prevista unha achega de 24.000 €.

Apróbase por asentimento.

**Punto 18.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro de Innovación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal e os Colectivos Dependentes.

Intervén o reitor quen sinala que se trata dunha fundación privada de interese galego, sendo o seu obxecto contribuír á investigación, a innovación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías e servizos que faciliten a calidade de vida dos colectivos dependentes, así como á transmisión do coñecemento xerado a todos os ámbitos da sociedade, contribuíndo deste modo á riqueza do país. De xeito prioritario, este obxecto concretarase na construción, dotación de recursos, posta en marcha, organización e xestión do Centro Tecnolóxico Asista.

As entidades participantes nesta fundación son a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a Consellería de Sanidade, e a Consellería de Innovación e Industria en representación da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e representantes do sector social. O patrón designado pola Universidade de Vigo é o Prof. Cidrás Pidre.

Ten prevista unha achega de 10.000 €.

A secretaria xeral fai unha rectificación na denominación do Centro Tecnolóxico, en canto hoxe mesmos e comunicou da Xunta ese cambio: Centro de Innovación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal e os Colectivos Dependentes – Asista.

Apróbase por asentimento.

**Punto 19.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Vigo Convention Bureau.

Intervén o reitor quen sinala que se trata dunha fundación privada de interese galego, sendo o seu obxecto a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo, así como a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións.

As entidades participantes nesta fundación son o Concello de Vigo, Caixanova, a Consellería de Innovación e Industria en representación da Xunta de Galicia, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación, a Confederación de Empresarios de Pontevedra e o Instituto Feiral de Vigo. O patrón designado pola Universidade de Vigo é o reitor.

Ten prevista unha achega de 12.000 €.  
Apróbase por asentimento.

**Punto 20.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia.

Intervén o reitor quen sinala que se trata dunha fundación privada de interese galego que ten como obxecto contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade na industria agroalimentaria, en xeral, e lácteo, en particular, de Galicia, como un dos sectores estratéxicos máis importantes do país, mediante a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. De xeito prioritario, este obxecto concretarase na construción, dotación de recursos, posta en marcha, organización e xestión do Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia.

As entidades participantes nesta fundación son a Consellería de Medio Rural e a Consellería de Innovación e Industria en representación da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), a Universidade de Santiago de Compostela e representantes do sector empresarial. O patrón designado pola Universidade de Vigo é o director do CITI.

Ten prevista unha achega de 15.000 €.

Pregunta o Prof. Legido se a maiores da achega inicial hai algún compromiso económico posterior.

O reitor sinala que non que ten un plan de viabilidade e non debe haber mais achegas porque os centros teñen que xerar actividade propia no sector privado.

Apróbase por asentimento.

**Punto 21.** Aprobación, se procede, da autorización a Anfaco para que instale canos no subsolo dos terreos da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen expón que ANFACO sitúase dentro da Área do Campus Universitario non dispoñendo na actualidade de subministro de auga corrente polo que solicita autorización da Universidade para recibir dito subministro a través da propia rede do Campus Universitario. Para elo sería preciso instalar canos polo subsolo do campus, de acordo co plano que se adxunta.

Tanto os Estatutos da Universidade de Vigo como o regulamento de réxime económico establecen que os actos de disposición de bens inmoables deberán ser autorizados polo Consello de Goberno, previo informe do Consello Social.

Visto o informe favorable do Consello Social a dita autorización, emitido na reunión do 24 de novembro, solicítase a este Consello de Goberno autorización para acometer a obra citada.

Apróbase por asentimento.

**Punto 22.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización conxunta do “I congreso multidisciplinar sobre interferencias parentais trala ruptura de parella” – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galicia: “as vítimas, os nomes, as voces e os lugares” (3ª fase).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 23.** Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala quen non hai candidatos presentados.

**Punto 24.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social e 1 PAS).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai candidatos presentados.

**Punto 25.** Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. González Piñeiro para expoñer que ten un escrito de varios alumnos que preguntan por qué se cobran os créditos de libre elección en función de onde estea matriculado o alumnado e non en función da materia e onde se imparte.

Resposta a secretaria xeral que se analizará o tema.

Continúa o Prof. González Piñeiro poñendo de manifesto a dificultade que existe para determinar cales son os membros das xuntas de centro e solicita se se pode comunicar pola vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

O Prof. Legido, no que respecta á retribución dos profesores relativa aos complementos da Xunta e que se reciben na anualidade posterior á súa concesión, roga á Xerencia que se faga o posible para permitir que as retribucións se reciban no ano en que corresponda para evitar problemas con facenda.

A xerente sinala que descoñecía o problema pero que adoptará todas as medidas necesarias para evitar o problema.

O Sr. Varela suscita tres cuestións: en primeiro lugar, manifesta a súa satisfacción polo servizo de alerta a través de mensaxes de texto e solicita que ese servizo se amplíe á remisión de notas por ese mesmo medio. Refírese en segundo lugar ao problema do transporte, poñendo de manifesto que as lanzadeiras a primeira hora van moi cheas de xente e pregunta se se van a adoptar medidas. Por último, ante o distinto prezo que ten o café dependendo de onde estea situada a máquina, pregunta se non existe control de prezos.

Resposta a xerente sinalando que no que respecta á remisión das notas a través de móbil, que se está traballando na implantación dunha nova aplicación informática e a intención é poñer a maior información posible a disposición de todos por todos os medios posibles; no que respecta ao prezo do café, adoptará as medidas oportunas para evitar esa situación.

En relación ao tema do transporte, a vicerreitora de Economía manifesta que mantivo unha reunión co concelleiro de Tráfico e se está facendo un estudo para buscar as mellores solucións.

O Sr. Fariñas solicita que o tema do prezo das máquinas se faga tamén extensible ao campus de Ourense. Sinala tamén que o tema dos móbiles xa o presentou neste Consello de Goberno e alega que non ten recibido ningunha mensaxe no campus de Ourense. Seguidamente, e despois de expoñer o tempo de préstamo de libros de que dispón cada colectivo da universidade, solicita que se modifique a normativa correspondente para que os alumnos, sobre todo de terceiro ciclo, podan ter os libros prestados máis tempo.

Continúa o Sr. Fariñas manifestando a sorpresa dos alumnos do campus de Ourense pola desaparición da OFOE do campus. Seguidamente, felicita á xerente polas medidas adoptadas para evitar o retraso na emisión de títulos e pregunta que pasa cos títulos de mestrado en canto nin sequera se pode facer o depósito do título. Por último, no relativo ao logo da universidade que neste momento está en fase de concurso, pregunta se é posible iniciar o debate sobre a utilización da denominación Universidade de Vigo, Ourense e Pontevedra.

O vicerreitor de Ourense resposta que no campus de Ourense non se tiña o sistema de distribución de SMS, agora existe desde fai unha semana. No relativo á OFOE, sinala que se reabrirá inmediatamente, e alega que a razón do seu peche temporal foi que a persoa responsable da mesma recibiu outra oferta laboral e marchou.



O vicerreitor de Planificación, en contestación a un rogo feito na anterior sesión de Consello de Goberno, sinala que xa se puxo en contacto coas autoridades competentes para que adopten as medidas axeitadas para o acondicionamento da estrada que une o alto de San Cosme co campus universitario.

A Sra. Álvarez Pereira expón dúas cuestións relativas ao campus de Ourense: unha relativa ao peche da biblioteca ás 8:45, cando é necesario ter aberto máis horas; outra, sobre cal é a posición que ten a universidade sobre a situación que está vivindo Enxeñaría Informática, que ten prevista unha folga para o día 19.

O reitor resposta que o propio Director da Escola de Enxeñaría Informática xa fixo a defensa da titulación diante do Secretario de Estado de Universidades. Entende que este é un tema que non se pode resolver no ámbito do sistema universitario e pon de manifesto que o Secretario de Estado sinalou que non pode presentar ficha de competencias reguladas en canto no se trata dunha profesión regulada, pero presentará algo asimilable, aínda que non xuridicamente, que poida ser utilizado como referente no Consejo de Universidades.

No relativo aos horarios da biblioteca, sinala o reitor que se pode prever una apertura das bibliotecas máis ampla para un período concreto con carácter excepcional, pero non parece posible con carácter xeral e ordinario.

Debátese sobre o tema entre o reitor, a Sr<sup>a</sup>. Álvarez, o Sr. Fariñas e o Sr. Mollinedo que considera que o que piden os alumnos non é un servizo de biblioteca senón un espazo nun centro para estudar. Conclúese polo reitor que se estudará o tema tendo en conta a ocupación das bibliotecas nos campus.

Intervén a Prof<sup>a</sup>. Suárez quen roga que se regule a relación entre os centros e os mestrados universitarios, en canto se preparan no departamento sen que se teña coñecemento polos centros. Suxire que cando se faga a declaración da intencións de preparar un mestrado á vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea, tamén se comunique ao centro.

Debátese sobre o tema con intervención do reitor, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, a Prof<sup>a</sup>. Suárez e o Prof. Barcia, concluíndose pola vicerreitora que terá en conta o rogo para facer que exista máis comunicación cos centros.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 horas do día 25 de novembro de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral



Esther M<sup>a</sup> González Pillado